



Boletín Oficial Informativo

"Cando máis pensamos no porvir de nosa Terra, máis nos convencemos da necesidade urxente de nos unir todol-os galegos de boa vontade". CASTELAO

MAIO 1967

Radaición: Belgrano 2186 - Capital

O FRAQUISMO NO INTRE AITOAL

Hespaña víu vivindo damente os derradeiros vinte-sete anos baixo un réxime de ditadura totalitaria nado co trunfo do franquismo na guerra civil. Aitoalmente, dende uns meses a esta parte, está prantexada unha loita no seo do Goberno antre os totalitarios-feixistas do que é xefe Fraga Iribarne e os neoliberais dirixidos por López Rodó. De se impor Fraga Iribarne, suporía a institucionalización taxante do feixismo hespañol.

Os síntomas non poden enganar a ninguén: anulación da Lei de Liberdade de Prensa; o someter ós tribunais militares ós estudantes que interveñen nas loitas universitarias que dende fai anos pertecían ás xurisdicións civís normais; a anulación de liberdade relixiosa, etc.

Un doado eisáme da panorámica do franquismo, confirma o seguinte: que ten forza, unha forza pousada nos grandes intereses financeiros, industriais e políticos que se foron artellando ó longo dos trinta anos de ditadura e, hábilmente controlados eses intereses polo OPUS DEI, unha sorte de masonería reaccionario-clerical-feixista, que está en todo, e todo o domiña e manexa a discreción. Por outra banda, subsisten as tradizoais forzas reaccionarias que no seu intre foron as que financiaron e levaron a termo a revolución franquista.

A todo o que representa e sostén o franquismo, enfróntase o pensamento liberal-democrático dos diversos seitores intelectuais e políticos que infruin no estudantado universitario provocando folgas e manifestacións públicas na súa loita por se liberar do control da ditadura, orgaizando os seus sindicatos libres, como asimesmo, na orgaización de folgas obreiras nos centros industriais que, na maior parte dos casos deixan un saldo económico-social favorable ós traballadores, e dun positivo amolecimento da ditadura.

Resulta evidente que, a inqueda reinante hoxe na Hespaña provocada polos estudantes e obreiros dos centros industriais, é a consecuencia natural da posta en esca dunha nova xeración que se desentende abertamente do que pasou na guerra civil e que teima vivir no ano 1967 e non no 1939...

Esta xeración refuga ós vellos estadistas reaccionarios que dirixen e gobernan un Estado totalitario-policia que se aferra ós seus odios e rencores ó povo e a democracia, e ten conciencia de que o povo hespañol, concretamente o obreiro, o empregado, o campesiño ou mariñeiro, vive mal, máis aínda, que vive ó marxe da evolución económico-social de alén os Pirineus. Daí a emigración en masa ós países da Europa Occidental na procura de liberdade e dun millor nivel de vida.

As Comisións Obreiras que se orgaizan na clandestinidade, que manifestamente teñen máis forza que os Sindicatos Verticais, de ningún xeito supoñen sindicatos, senón que elas xurden da mesma loita diante dunha demanda a conquistar, e disólvense axiña, unha vegada logrado o seu oxetivo. Esta mo-

dalidade de loita responde doadamente a unha táctica preconcebida, unha sorte de guerra de guerrillas: aparecer, aitoar e desaparecer... De constituiren sindicatos, automáticamente serían esmagados e a laboura inúte.

Certamente, fronte a esta situación, é evidente que se especula co tempo, xa que ninguén cre nunha solución a curto prazo. E nin sequer se especula ca morte do Caudillo que, chegado o intre, non pasará do rebumbio que, naturalmente, esprotará ó máisimo o franquismo dado que, elo non alterará a marcha da ditadura xa que as posicións de tempo estan tomadas.

Un dos síntomas máis prometedeiros prá democracia no esceario político hespañol é a reacción do crero mozo animado por un siño democrático a carón do povo, refugando abertamente toda cras de concomitancias co franquismo.

E un movemento que cada día colle máis corpo e barileza, particularmente na Cataluña i Euzkadi, e perante o cal, os xerarcas da Igrexa amósanse cautelosos... De calisquera xeito é evidente que a Igrexa está comprometida, xa que foi belixerante a carón de

(Vai a pax. 2ª)

DIA DAS LETRAS GALEGAS

O 17 de Maio, DIA DAS LETRAS GALEGAS, este ano está adicado ó grande poeta galego Manoel Curros Enríquez.

Con este gallo, a Comisión Galega programou un grande aito no casal do Centro Ourenán consistente nunha oferta froral a Rosalía. A cárrego do doutor Corbache Monteagudo, estivo o oferescemento quen, eisaltou a Rosalía, esta singular figura das letras galegas que tan fondo calou na alma e no sentimento do noso povo.

Seguíu no uso da verba o doutor Alberto Vilanova quen se referiu a Curros Enríquez como home e como galego; a dimensión da súa obra poética, como eisimesmo, no orde social e patriótico a fonda gravitación que exerceu no noso povo, a vida e a obra deste grande poeta e demócrata.

Pasou axiña o orador a considerar a situación de agravio que hoxe vive a nosa coleiividade diante a ofensa de ollar como os inimigos de Galiza invadiron a nosa casa grande que con tanto amor e sagrefizo edificamos; que sómolo máis, toda a coleiidade, que sostemos con varileza o ideal dunha Galiza ceibe e democrática, máis que pola falla —neste caso— dún elemental senso de unión e disciplina, fronte ó inimigo común, non, soupemos controlar ós treidores que se pasaron ó inimigo.

Aitou a coral "Breogán" que interpretou o Hino Galego e varias cantigas do noso folklore nacional. Simultaneamente, no mesmo local, a Asociación Arxentina de Fillos de Galegos, inaugurou con moito éisito, unha Feira Mostra do Libro Galego, que foi moi visitada.

DECLARACION DO CONSELLO DE GALIZA

O Consello de Galiza, Fideicomisariato do povo galego, que fundara o esgrevio Castelao e outros diños patriotas na cidade de Montevideo, neste novo ano 1967 que comeza xa fai 22 anos ten o outo honor de se dirixir a todos os galegos ceibes do mundo, pra lles enviar un saúdo fraterno, cheo de esperanzas no porvir da Terra, e tamén para dar un berro de loita diante o referendum practicado na Hespaña para argallar a "Ley del Estado" eispoñendo os nosos puntos de vista, por meio da seguinte DECLARACION PUBLICA:

1º) Que o aito de referencia non contempra de ningún xeito as nobres e lexitimas aspiracións do noso povo, que son de paz, traballo, e progreso; de libertade con xusticia.

2º) Que o tal referendum non vai máis alá de sere unha nova farsa do réxime franquista, con miras a revertirse d'un sayo democrático para millor poder seguir encadeando ó povo, imponéndolle un goberno de forza.

3º) Que é un siño moi alentador a cásese unánime oposición que con grande risco se fixo sentir nestes días en todo o país: intelectuales, obreiros, estudantes, e incrusive o episcopado hespañol, para poder retomar o seu camiño de independencia. Non dice nada o votar por un "sí" se detrais está a parexa da Guardia Civil.

4º) Que ni tan siquera o propio goberno franquista cré no seu proxeito, como o demostra a propaganda tan eisaxerada á que se botoú man, feito insólito nunha dicta-

dura que afogóu primeiro i agora descoñece toda lexitima oposición.

5º) Que diante do feito consumado, nós non podemos permanecer nun silencio que poidera sospeitar de tolerante, senón refirmar a nosa fé inquebrantabel nos destiños da Patria e proqramar a firme vontade de seguir loitando arreo por unha Galicia ceibe dentro dunha república federal hespañola.

6º) Facemos un chamado solene de unión a todos os galegos diños, onde queira que lles se alcotren, i en especial a ista coleitividade de Bós Aires, cidade non sin razón considerada a Galicia Ideal, guieiro e facho luminoso no camiño de libertade da nosa Terra, para loitar con entusiasmo encol das finalidades eispostas.

Niste chamado e niste saúdo fradernos, vai imprícito o desexo de progreso e de longa vida para as entidades galegas, aneaiando se manteñan nunha firme liña de siño democrático, sentir consustanciado coa nosa personalidade diferenciada e co espírito inmorrente de povo galego.

Dada en Bós Aires, xaneiro de 1966.

ANTONIO ALONSO PEREZ
Segretario de Gobierno
e Coordinación Xeral

O CENTRO PONTEVEDRES FESTEXOU O SEU XXV CABODANO

O Centro Pontevedrés de Bos Aires, prestixosa entidade galega desta capital, celebrou o seu XXV cabodano da súa fundación, feito ocorrido o 7 de xaneiro de 1942.

Este sucedido pontevedrés, vivo a virtude de se converter nun acontecemento patriótico da coleitividade galega que acudiu xubilosa a testemuñar a súa adhesión no percorrer da xeira de aitos patrióticos que colleron todo o mes de abril e que fechou cun gran xantar servido no seu casal da rúa Sarandí 847 desta capital.

Na cabeceira da mesa acompañando ó presidente don Cándido Rey, estaban as primeiras figuras das máis importantes entidades galegas: Consello de Galiza, Centro Galego, Centros Lucense, Ourenzá, Coruña; Irmandade Galega, Federación de Sociedades Galegas, Asociación Arxentina de Fillos de Galegos; Agrupacións pro Centro Galego: "Galicia", "A Terra", "Unión Galega", "Bregan" e "Celta"; Centro Republicano Español, Audicións Radiais "Recordando a Galicia" e "Galicia Emigrante", etc.

Os postres, fixeron uso da verba o segretario e o presidente da entidade doutor Corbacho Monteagudo e don Cándido Rey, respectivamente, quenes, con verbas de aceso patriotismo manifestaron a súa fé inquebrantábel nos destiños dunha Galiza ceibe e democrática.

O FRANQUISMO . . .

(Ven da pax. 1º)

Franco na liquidación da República, máis síntese incómoda e comeza a se mover, a xirar cara ó que máis lle convén —neste caso cara ó povo— xa que zoan outros ventos e, o franquismo, pra ela non ten futuro, cando máis, un presente dramático atosigado de invertidumes. Dai o viraxe de noventa graos da xerarquía eclesiástica hespañola, conservadora por tradición e un dos pilares en que se pousaba o franquismo, ó se colocar abertamente a carón das forzas que percuran a liberalización do réxime, ó manifestar no seu histórico documento: que tódolos cidadáns teñen o dereito e o deber de participaren na vida pública e política da nación —i engade— "que ningunha persoa ou grupo debería manter o monopolio do poder pra determinar cal é o "ben común" do povo e do país. . ."

A bófe, que o franquismo non podía botárese enriba peor nemigo. . .

M. D. P.

A LINGOA GALEGA NA UNIVERSIDADE

Por orde ministerial foi autorizado o estudo do galego no Instituto de Idiomas da Universidade de Compostela dacordo con xestións levadas a termo polo Reitor da mesma. A incorporación do ensino da língoa do país ó programa das que ven realizando aquel Instituto, se considera un resultado positivo. Coela e ca que se proporcioa ós alumnos de Filoloxía Románica, a traveso da cátedra de Língoa e Literatura Galega da Facultade de Letras, o ambiente universitario comeza a se proxeitar cara novos rumos. O dis o cadeirádego Dr. Vidal Abascal cando afirma que, "en Santiago predeu ese espírito de traballo en equipo e de revalorización da cultura propia de Galiza, e a necesidade de nos xunguir nos nosos afáns".

O distinguido profesor dis máis aínda: "A Universidade galega tomou conciencia de que é a reitora, a alma mater dún país de tres millóns de habitantes cunha antiga cultura chea de vida, que por razóns históricas ficara adormiñada. O pola a ponto, o despertar do povo, que criou unha poesía lírica e unha arquitectura e unha escultura orgulo de Europa há ser empresa espiritual da universidade".

" PEDRO PÁRAMO "

UNHA GRAN PELICULA MEXICANA

Un compatriota noso, D. Pedro Velo Cubelas, destacado director cinematográfico no México, foi o realizador da notábel película "Pedro Páramo", —unha das meirandes realizacións da cinematografía mexicán— que foi escolleita no Festival de Cannes pra representar a México.

O argumento do libreto, foi tirado da celebrada novela de Juan Rulfo que leva o título da película, e a tarefa e o mérito do realizador, era a de captar e levar á pantalla con todo enxebriismo, o espírito que anima ese tráxico universo mitolóxico e poético da realidade mexicán prasmado nun fermoso estilo moderno polo autor de "Pedro Páramo".

O labor era de grande responsabilidade. Había que superar grandes dificultades pra que o mensaxe literario foz doadamente captado i espresado polas imaxes da pantalla. E o éisito foi doado: unha grandeira realización orgulo da cinematografía mexicán.

As nosas felicitacións máis acesas a D. Pedro Velo Cubelas, en canto realizador cinematográfico, auténtico valor galego no gran país azteca, xunguido á nosa ademiración polo irmán Delegado do Consello de Galiza no México.

LEMBREMOS O ESTATUTO DE GALIZA COMO FITO HISTÓRICO

O 28 de Xuño de 1936, marca o ano colectivo máis trascendente da vida política do pobo galego. Naquela unánime afirmación consagraba a súa vontade autonómica, e culminaba o longo proceso político encetado en 1883, cando o Estado Central coutou as derradeiras liberdades administrativas de Galiza. Mais, escamoteado e demorado malévolaemente polo goberno central, o Estatuto ficou frustrado pra sempre ca traxica enxurrada franquista que semeneou de mártires a nosa Terra.

Era aquel Estatuto, do que tanto se fala aínda o ideal de Galiza? Non cabe dúbida que, de entrar en vigor, constituiría un antecedente valioso, un paso decisivo a prol da liberdade do noso país, avalado pola vontade unánime do pobo, pero de ningún xeito, podía se considerar o ideal de Galiza.

Xa mesmo, naqués intres, o pensamento político de Galiza, teoricamente, había acadado madurés total. O sentimento da Terra tiña raíces máis fondas. Facendo abstracción do moito que se dixera denantes da República, Castela, o home símbolo da nosa Terra, espresaba que "a única patria dos galegos era Galiza". E Bóveda, a mente política máis nidia do país, afirmaba nun hábil lingoaxe: "Galiza ten mestier da autonomía pra resolver os seus problemas económico, social e cultural. Pero si no exercizo da mesma o Estado Central pon linde a estas aspiracións, teremos de irmos á separación".

O FRANQUISMO ESTA FERIDO DE MORTE

O estado de crise endémica que dende os seus orixes negativos ven sendo os alicerces da ditadura franquista, ven acadando releus cada vegada máis acusados co transcorrer do tempo.

A terapéutica económica que lle proporcionou e inda lle ven proporcionando unha corrente turística de características masivas, tendé a amingoar como resultado dun ciclo económico decadente que se está a encetar na República Federal Alemá de onde proceden a maioría dos devanditos turistas que visitan o país, e por outra banda, a competencia que nesa industria se lle está a ofrecer en Iugoslavia e na mesma Italia.

A emigración a Europa, que ademais de supor a descompresión do malestar social absorvendo o excedente de poboación campesina que a industria indíxena non pode colocar e que significaba unha importante fonte de divisas fortes, tamén comeza a decaer como resultado da falta de demanda de brazos dos países europeos, o que trae aparelados dous serios problemas: colocar os emigrantes que voltan, e perder os xiros que os mesmos remesaban.

A balanza de pagos produciu un déficit no ano derradeiro que pode se considerar astronómico: 2.320 millóns de dólares que ademais tende a acentuarse xa que os produtos que España pode suministrar, como a laranxa, os viños, o aceite de oliva, etc. atopan unha forte competencia de Italia, Arxelia e Grecia, países que por diversas razóns, teñen máis doado acceso ós mercados consumidores.

GALIZA NO 14 DE ABRIL

Lembremos que na breve xeira da República do 31, arredor dun fato de patriotas que artellaron o glorioso Partido Galeguista, encetouse por primeira vegada na Terra, unha política galega que espallou por toda a xeografía do país a idea dunha Galiza plea de realidade nacionais e que había de abranger a consulta popular, o PLEBISCITO do ESTATUTO, que puña nas mans do pobo o goberno do noso país. Mais todo este quefacer nacional que foi realizado ó socaire das liberdades garantizadas pola República xurdida no histórico 14 de Abril, foi esborallado brutalmente pola enxurrada falanxista.

Neste 14 de Abril, a 36 anos da proclamación da República Española, e a trinteu do martiroloxio galego a mans das asesinas hostes franquistas, cóllo nos en retraso. Cóllo nos en retraso no orde ás nosas reivindicacións nacionais, por canto a enxurrada franquista coutou violentamente o proceso que había levar ó país galego a sere

Ben intuía Bóveda que a autonomía resultaría insuficiente pra resolver os graves e magnos problemas que flaxelan o destruí a Galiza. En verdade, por moi amplas e decisivas que sexan as atribucións que se nos concedan, a liberdade de acción delas derivadas, dependen sempre da xerarquía superior da cal proceden.

Cómo acadar a radical reestruuturação necesaria ó agro galego, a creación dunha economía industrial ca soma omnipotente do poder superior ás costas? Qué bilinguismo é capaz de resolver o problema cultural dún pobo?

Das verbas de Bóveda, profundo home de realidade e agudo economista, despréndese nidiamente, que a autodeterminación é a condición axeitada pra que Galiza poida resolver os seus problemas. Coela acababa, ademais, co tópico dos irresolutos: a imposibilidade de que o noso país poida vivir sen a tutela do Estado hespañol; ese Estado que nos deixa ó marxe das rotas do progreso, emprobecidos e condeados a emigrar arreo. Pero os irresolutos e os conformistas endexamais fixeron a historia. Co tempo, o pobo galego, de pervivencia secular aínda na inconsciencia colectiva, ouvirá as voces dos seus loitadores, mártires e profetas, as verdadeiras conciencia do seu destino. Entón xa non pedirá a concesión de estatutos autonómicos. Loitará pola súa liberdade até conquerila, sen que por elo fique mancada a irmandade e amizade auténticas dos povos ibéricos, só posibles afincadas no respeito mútuo e nos dereitos iguais de todos eles.

A pesares da torpe política seguida polo Departamento de Estado de apadriñar a ditadura franquista en canta ocasión se terciou pra elo, os países europeos verdadeiramente democráticos séguense opondo ó seu ingreso no Mercado Común Europeu, considerando o seu carater feixista-totalitario. E velaí o dilema do réxime: ou evoluciona cara a un goberno popular pra sere admitido no devandito Mercado Común do que ten perentoria necesidade pra arrombar os seus apremiantes problemas económicos e sociais, ou se mantén fidel ós seus postulados totalitarios, e neste caso, ficar ó marxe do convivio cos países europeos reitores do progreso económico, social, cultural, etc. do Occidente. Todo isto, agravado día a día pola crecente oposición obreiro estudiantil os dous setores máis limpos, vivos e ativos de sociedade peninsular. E tendo en conta a consanxe histórica de tais movementos, o franquismo asoballador está ferido de morte, e máis tarde ou máis cedo, tal oposición cuia proxección de futuro será incontíbel, remaará por destruílo.

Remaará de tal xeito a criminal aventura que sumiu ós povos hispanos nunha foula de sangue, escravitude e miseria, negándolles os máis elementais dereitos.

Poderá Galiza facer valer a súa personalidade nacional e adonarse dos instrumentos de goberno do que ten urxente necesidade pra fornecer o progreso do seu pobo? Elo será posíbel na medida en que sexamos capaces de eisixirmos sen concesións o que como país se nos debe. E fracasaremos se non somos capaces de "impor" os nosos dereitos.

governado por un Estado Autónomo, conquista esta que, se ben hoxe considerámola superada a carón dunha FEDERACION DE POVOS IBERICOS na cal Galiza, Cataluña i Euzcadi serían países confederados, tamén é certo que esta posición, esta vontade nacional galega ten de sere respaldada e fortalecida con barileza por tódolos galegos tanto do interior como da emigración.

É asin que temos que traballar arreo cara a un futuro inmediato: o derrube do franquismo. E neste labor, neste quefacer nacional, debe servirmos como elemento acusador dunha vegada por todas, a traxica e secular experiencia de Galiza baixo o centralismo hespañol, negación de toda esencia de progreso e liberdade, proclamando de contado a súa autodeterminación para, desda posición soberán, dispor libremente dos seus destinos, formando parte como entidade nacional, nunha Federación Ibérica, se elo conveñer ós seus intereses nacionais.

FOI ELEVADO O MINISTRO DE EDUCACION PUBLICA DE HESPAÑA UNHA PETI- CION PRA QUE SE IMPRANTE NAS ESCOLAS DE GALIZA O IDIOMA GALEGO

Por iniciativa xurdida en Vigo, vaise elevar ó Ministerio de Educación Pública un ben fundamentado documento encol da imprantación nas escolas de Galiza, do insiño en língoa galega.

"Exmo. Señor:

"Os abaixo firmantes, ante V.E. espoñen dous feitos fundamentais;

1ª. Que a maioría da poboación galega recibe educación unicamente en língoa castelán.

E tendo en conta que os criterios educacionais do noso tempo, recollidos pola UNESCO, a partir da xuntanza da súa conferencia xeral (1951), no seu libro "Emprego das línguas vernáculas no ensino" publicado en 1954 (Monografía sobre a educación fundamental, VIII) son en esencia os seguintes:

a) É mester, en principio, esforzarse en impartir a educación en língoa materna, até o grao máis avanzado posible.

b) É comenente que os nenos encelen o seu ensino na língoa materna, xa que esta práctica diminuí a violenta transición entre o fogar e a escola.

c) Se a aprehensión de ideas e conceptos novos supoñen pró neno un esforzo, este esforzo será dobre e retardará o seu progreso intelectual se ten que os asimilar nun idioma que non é o seu familiar.

d) Se a língoa da escola é a mesma que a do fogar, a unidade entre ambos ámbitos sociais será comprimida, co que a vida familiar e o proceso docente tenderán a cooperar máis racionalmente.

E tendo, en conta, ademáis, que na maioría dos países europeos as recomendacións dos expertos da UNESCO foron ou están sendo levadas á práctica (na Unión Soviética se utilizan no ensino a totalidade das súas 100 línguas vernáculas; e mesmo ocorre en Iugoslavia; na Bélxica gozan de paridade o flamenco e o francés, así como na Suíza o romanche con relación ó alemán, italián ou francés; na Francia a lei núm. 51-46 do 11 de xaneiro de 1951 autoriza o uso das línguas vernáculas no ensino primario e nas normais, escolas secundarias e universidades, como asignatura facultativa; se empregan tamén no ensino: o galés no Reino Unido; o liloano, na Polonia; o lapón, na Suecia, etc.) é polo que, os abaixo firmantes, recaban da V. E. medidas conducentes á imprantación do idioma dos galegos no ensino. Pra o cal é de razón que sexan imprantadas as medidas que seguen:

Primeira. Que se crie un corpo de profesores de Língoa e Literatura Galegas seleccionados mediante concurso ou oposición.

Segunda. Que se faculte á Real Academia Galega, ó Seminario Padre Sarmiento de Estudos Galegos e á Cátedra de Língoa e Literatura Galegas de Universidade de Santiago pra resolver en dito concurso.

Terceira. Que os profesores así seleccionados, impartan nas Escolas de Maxisterio de Galiza o ensino obrigatorio, de língoa e literatura galegas.

Cuarta. Que estes profesores diten cursos de vran (un de iniciación e outro de perfeizamento) á totalidade dos Mestres Nacionais en propiedade.

CEA DO CONSELLO DE GALIZA

O 28 de abril derradeiro, ofereseu o Consello de Galiza, no restorán de Centro Lucense, unha cea íntima limitada ós conselleiros, e dereitivos da Irmandade Galega, señores Antón Alonso Ríos, Antón Alonso Perez, Lois Fuentes, Bieito Cupeiro, Alberto Vilanova, Fiz Fernandez, Manoel Lamela, Lois Guede, Manoel Pazos, Xulio García, Manoel Pedreira, Daniel Calzado, Moisés da Presa, Ricardo Flores e Daniel Nogueira.

O gallo da cea foi agasallar ós conselleiros Alberto Vilanova e Fiz Fernandez polos seus libros recién saídos do prelo, "Los Gallegos en la Argentina" e "La otra cara de la moneda", respectivamente, que a crítica galega e metropolitán recibiu con bon suceso, e que esta publicación o fará no prósimo número.

A cea discurríu nun amabel camaradaxe de enxebre galegüidade.

Quinta. Que as autoridades competentes (Academia Galega, Instituto P. Sarmiento de E. A. do C.S.I.C., Universidade de Santiago) provexan a preparación dos libros de texto precisos pra encetar o ensino do galego na escola primaria.

Sexta. Que, unha vegada capacitado o maxisterio e dispoñibéis os textos, se encete o ensino do galego na escola primaria. Este ensino, dado que a poboación galega é bilingüe, realizarase do xeito seguinte:

—Se a totalidade ou meoría dos nenos asistentes é aula ten como língoa materna o castelán, o ensino farase en castelán. Pro se introducirá como asignatura, e dende o castelán, o ensino da língoa galega.

—Se a totalidade ou maioría dos nenos asistentes á aula é de espresión galega, o ensino farase en galego. Mais se introducirá como asignatura, e dende o galego, o ensino da língoa castelán.

Sétimo. Que ó encelárese o Ensino Meio, tódolos nenos galegos pósuan instrución gramatical das dúas línguas faladas no país.

Oitava. Que se introduza no Ensino Meio o estudo completo da literatura galega dentro do ciclo de literatura (4ª e 6ª e Pre-universitario) afondando e ancheando as dereitricas aitoais.

Novena. Que se introduza no Ensino Meio a língoa galega como asignatura.

Décima. Que se declare bilingüe a Universidade de Santiago, precisando do bon senso dos seus xestores, dacordo ca Administración, o grao e medida de atal bilingüismo.

Os que firman este documento confían no espírito científico de V. E., na sus adhesión ó criterio de UNESCO e na necesidade de axeitar a lexislación educacional de Hespaña á realidade dos seus perfís humanos.

Por todo o cal pegan a V. E. haxa por presentado o presente escrito i estimándoo en cada unha das súas partes, feña a ben determinar a súa aplicación, o cal será de xustiza, pró povo de Galiza.

Deus garde a V. E. moitos anos.

A GALIZA EMIGRADA LEMBROU A CASTELAO

Co gallo de se cumprir o XVII cabodano da morte de Castelao, a coleeividade galega rendeu un afervoado homaxe á súa memoria; de reafirmación dos seus principios galeguistas e democráticos, e de solidariedade cas arelas do povo galego.

O homaxe consistiu en tres aitos realizados no seguinte orde: no Panteón do Centro Galego cuia oración cívica estivo a cárrego do presidente do Centro Coruñés, D. Valentín Fernández, quen eisallou a luminosa figura do grande mestre da galegüidade. Aseguido pousouse unha oferenda froral ó pé do sarlego onde acougan os seus restos mortais.

As nove da noite do mesmo día —seis de xaneiro— realizouse un aito cívico-patriótico no casal do Centro Pontevedrés ó cal asistiu unha numerosa concurrencia. Interviron na súa realización, o meritísimo aitor galego Fernando Iglesias ("Tacholas") que recitou un poema de Celso Emilio Ferreiro; a Coral Rosalía de Castro, dirixida polo mestre Anxel Romero, que interpretou o Hino Galego e varias cantigas do noso folklore nacional; pola Asociación Arxentina de Fillos de Galegos, as señoritas Pilar Xeremias e Inés Canosa Santos léron dous anacos de "Sempre en Galiza" de Castelao. Os oradores deste grandeiro aito patriótico foron os señores Sánchez Millares e Alberto Portas quen eisallaron a singular figura de Castelao no seu entrego total á causa de liberdade de Patria Galega. O terceiro aito celebrouse ó pé da estatua de Castelao que se ergue na entrada do Pazo Galego do Centro Pontevedrés en Olivos, adoviada con oferendas frorais da colectividade Ofereceu o homaxe o doutor Corbacho Monteagudo, quen puxo de releu a outa figura de Castelao eisortando ós galegos a asimilaren as luminosas ensinanzas do gran mestre da galegüidade.